



| Guía Docente          |   |                    |  |          |
|-----------------------|---|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |  | 2023/24  |
| Asignatura (*)        | Lingua Galega 2                                   | Código             | 613G03014                                    |          |
| Titulación            | Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios |                    |  |          |
| Descritores           |   |                    |  |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo   | Créditos |
| Grao                  | 1º cuatrimestre                                   | Segundo            | Obrigatoria                                  | 6        |
| Idioma                | Galego  |                    |  |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |  |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |  |          |
| Departamento          | Letras  |                    |  |          |
| Coordinación          | López Viñas, Xoán                                 | Correo electrónico | xoan.lopezv@udc.es                           |          |
| Profesorado           | López Viñas, Xoán<br>Peres Vigo, Alexandre        | Correo electrónico | xoan.lopezv@udc.es<br>alexandre.pvigo@udc.es |          |
| Web                   |   |                    |  |          |
| Descrición xeral      | Estudo normativo da lingua galega.                |                    |  |          |

| Competencias / Resultados do título |   |
|-------------------------------------|---|
| Código                              | Competencias / Resultados do título   |
| A2                                  | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.                                    |
| A4                                  | Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.   |
| A9                                  | Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.  |
| A10                                 | Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.   |
| A11                                 | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.  |
| A14                                 | Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos. |
| A15                                 | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.  |
| A17                                 | Coñecer a historia e a cultura das comunidades anglófonas.  |
| A18                                 | Dominar a gramática da lingua inglesa.  |
| A19                                 | Coñecer a situación sociolingüística da lingua inglesa.   |
| A20                                 | Coñecer a variación lingüística da lingua inglesa.  |
| B1                                  | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.  |
| B3                                  | Adquirir capacidade de autoformación.   |
| B4                                  | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.  |
| B5                                  | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.   |
| B6                                  | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.  |
| B7                                  | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.   |
| B8                                  | Apreciar a diversidade.   |
| B9                                  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.                         |
| B10                                 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.   |
| C1                                  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.  |
| C6                                  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.                                     |

| Resultados da aprendizaxe  |                                     |  |
|--|-------------------------------------|--|
| Resultados de aprendizaxe  | Competencias / Resultados do título |  |
| Ser capaz de identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos. | A14                                 |  |
| Ser capaz de elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega   | A9                                  |  |



|  |     |           |    |
|--|-----|-----------|----|
| Demostrar capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións                     | A10 |           |    |
| Atinxir un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega   | A4  |           |    |
| Conseguir avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada  | A11 |           |    |
| Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos á práctica   | A15 |           |    |
| Demostrar coñecemento da situación sociolingüística da lingua galega   | A19 |           |    |
| Ser capaz de explicar a variación lingüística da lingua galega   | A20 |           |    |
| Coñecer a historia e a cultura da comunidade galega  | A17 | B5        |    |
| Ser capaz de utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información                               |     | B1        |    |
| Adquirir capacidade de autoformación   |     | B3        |    |
| Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno  |     | B4        |    |
| Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas   |     | B5        |    |
| Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva                              |     | B6        |    |
| Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico                               |     | B7        |    |
| Demostrar que é capaz de se expresar correctamente, tanto de forma oral coma escrita, en galego.   | A18 |           | C1 |
| Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse           |     | B9        | C6 |
| Ser consciente da utilidade e necesidade da diversidade, atuando eticamente perante ela, con parámetros de xustiza e igualdade             |     | B8<br>B10 |    |
| Saber analizar e comentar textos literarios e non literarios utilizando técnicas de análise textual  | A2  |           |    |
| Coñecer resultados de investigación e colocalos en relación co desenvolvemento tecnolóxico e avance socioeconómico e cultural da sociedade |     | B9        |    |

| Contidos   |   |
|--|---|
| Temas  | Subtemas  |
| 1. Norma e calidade lingüística: caracterización do modelo culto da lingua no século XXI | 1.1. A norma, a variación lingüística e a calidade lingüística<br>1.2. Aspectos ortográficos, ortolóxicos e fónicos<br>1.3. Aspectos morfosintácticos<br>1.4. Aspectos léxico-semánticos<br>1.5. Aspectos pragmáticos |
| 2. A variación lingüística: usos e norma   | 2.1. Variación dependente do/a usuario/a: idade e xénero<br>2.2. Variación dependente do uso: estilo, contexto e rexistro<br>2.3. Lingua oral e lingua escrita. A lingua literaria como modelo                        |
| 3. A planificación do status da lingua galega  | 3.1. A planificación lingüística e a planificación da lingua galega<br>3.2. O encadramento legal do galego: evolución histórica e situación actual<br>3.3. Ámbitos e usos lingüísticos                                |
| 4. A planificación do corpus da lingua galega  | 4.1. O proceso de estandarización do galego. Grupos, institucións e criterios normativos  |
| 5. As modalidades do galego  | 5.1. A lingua da Galiza e outros modelos do sistema lingüístico galego-portugués<br>5.2. Galego, portugués, brasileiro. Análise contrastiva<br>5.3. A variación linguística na Galiza e na Lusofonía                  |

| Planificación         |  |   |                         |              |
|-----------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados                              | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Proba mixta           | A2 A4 A9 A10 A11<br>A15 A17 A18 A19<br>A20 B4 B6 B7 C1 | 0                                       | 25                      | 25           |
| Sesión maxistral      | A4 A11 A14 A18 B3<br>B5 B7 B8 B9 B10 C6                | 30                                      | 10                      | 40           |



|                        |  |    |    |    |
|------------------------|--|----|----|----|
| Lecturas               | A2 A10 A11 A14 B1<br>B3 B5 B7 C6                             | 0  | 4  | 4  |
| Obradoiro              | A2 A4 A9 A10 A11<br>A14 A18 A19 A20 B3<br>B4 B5 B6 B7 B10 C1 | 26 | 11 | 37 |
| Presentación oral      | A2 A4 A9 A10 A11<br>A15 B1 B3 B4 B6 B7<br>B10 C1             | 1  | 5  | 6  |
| Solución de problemas  | A2 A4 A9 A10 A11<br>A15 A18 B1 B3 B5 B6<br>B7 B8 B10 C1      | 2  | 35 | 37 |
| Atención personalizada |  | 1  | 0  | 1  |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías          |  |
|-----------------------|--|
| Metodoloxías          | Descrición   |
| Proba mixta           | Proba escrita de avaliación que combinará actividades de carácter teórico-práctico en que se demostrarán os contidos e as competencias adquiridas na materia.  |
| Sesión maxistral      | Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.   |
| Lecturas              | Realización da lectura de artigos puntuais sobre aspectos concretos do temario.  |
| Obradoiro             | Nas sesións de docencia interactiva, co apoio do profesorado da materia, realizaranse diversas actividades prácticas, en que se inclúen exercicios escritos, solucións de problemas, probas de discriminación, discusións dirixidas, probas de completar, corrección de textos, aplicación de normas, análise de fontes documentais, prácticas a través de TIC, traballo en grupo e aprendizaxe colaborativa. Alén destas actividades prácticas, destinadas á consolidación dos contidos presentados na "Sesión maxistral", no "Obradoiro" daranse as pautas para poder elaborar as prácticas de entrega englobadas nas metodoloxías denominadas "Solucións de problemas" e "Presentación oral". |
| Presentación oral     | Nas últimas semanas do cuadrimestre, o alumnado terá que realizar unha proba oral a partir das instrucións facilitadas previamente polo profesorado da materia.  |
| Solución de problemas | Como complemento á "Sesión maxistral" e ao "Obradoiro", o alumnado deberá realizar unha serie de ACTIVIDADES PRÁCTICAS non presenciais de aplicación dos contidos teóricos á práctica. As instrucións para a realización e entrega do traballo tutelado daranse no inicio do curso e estarán penduradas no Campus Virtual da UDC.  |

| Atención personalizada                     |   |
|--|---|
| Metodoloxías                               | Descrición  |
| Solución de problemas<br>Presentación oral | Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente -que non unicamente- para o apoio na realización do "Traballo tutelado". De maneira xeral, cada alumno/a asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.<br><br>Así mesmo, para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento do traballo, ben no horario de atendimento ben a través do correo electrónico.<br><br>Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudiantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro. |

| Avaliación   |                           |            |               |
|--------------|---------------------------|------------|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|              |                           |            |               |



|                       |   |   |    |
|-----------------------|---|---|----|
| Solución de problemas | A2 A4 A9 A10 A11<br>A15 A18 B1 B3 B5 B6<br>B7 B8 B10 C1 | Será avaliada a correcta aplicación dos contidos teóricos á práctica e mais a corrección na análise e na expresión escrita, a capacidade analítica e crítica, así como a adecuación aos obxectivos formulados polo profesorado para cada actividade destas características.   | 30 |
| Presentación oral     | A2 A4 A9 A10 A11<br>A15 B1 B3 B4 B6 B7<br>B10 C1        | Será avaliada a calidade lingüística, o dominio do contido, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión na exposición, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel, a utilización dos recursos tecnolóxicos, o traballo en equipo e a utilidade da presentación para os propósitos da materia. | 10 |
| Proba mixta           | A2 A4 A9 A10 A11<br>A15 A17 A18 A19<br>A20 B4 B6 B7 C1  | Serán avaliadas a corrección lingüística e expositiva, así como a adecuación entre o exposto na proba mixta e os contidos presentados e estudados nas sesións maxistras e no obradoiro.   | 60 |

### Observacións avaliación

1. OBSERVACIÓNS XERAIS DE AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá atinxir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Igualmente, na proba mixta deberá obter 5 puntos sobre 10 para poder sumar os restantes elementos avaliábeis.

1.2. Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e que pendurará no Campus Virtual da UDC. As actividades entregadas fóra do prazo marcado ou que non cumpran coas pautas indicadas non serán obxecto de avaliación.

1.3. Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o día 06/07/2018 e pendurado no Campus Virtual da UDC no inicio do curso).

1.4. Calquera falta de honradez académica (copia, plaxio, utilización de material non orixinal ou ideas doutras autorías sen indicación expresa da súa procedencia etc.), tanto na realización de traballos como na proba mixta, será penalizada de acordo co estipulado nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" e no "Regulamento disciplinar do estudantado da Universidade da Coruña". Así, o/a estudante será cualificado/a con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se producir na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, modificarase a súa cualificación na acta da primeira oportunidade, se for necesario. Para detectar o plaxio ou o uso de intelixencia artificial nas actividades poderán empregarse aplicacións informáticas como Turnitin.

1.5. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia será incorporada a perspectiva de xénero: usarase linguaxe non sexista, utilizarase -na medida do posíbel- bibliografía de persoas de diferentes identidades de xénero, propiciarse a intervención de alumnos e de alumnas na aula... Alén disto, serán fomentados os valores do respecto e da igualdade, e non será aceptadas nin a reprodución de prexuízos nin as actitudes discriminatorias. Finalmente, se foren identificadas situacións de discriminación por razón de xénero, serán propostas accións e medidas concretas para corrixilas.

1.6. A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas de apoio á diversidade (física, visual, audita, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC / no centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuadrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade ([www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/](http://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/)); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: [pat.filoloxia@udc.gal](mailto:pat.filoloxia@udc.gal)).

2. AVALIACIÓN DA 2.ª OPORTUNIDADE

2.1. Na 2.ª oportunidade, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior.

2.2. As persoas que non superaren a materia deberán concorrer á 2.ª oportunidade. Para superaren a materia nesta oportunidade, os/as alumnos/as deberán aprobar (con 5 puntos sobre 10) aquelas probas (orais e/ou escritas) marcadas polo profesorado responsábel da materia e que serán realizadas na data fixada pola Facultade de Filoloxía. Igualmente, poderán ser recuperadas todas aquelas tarefas non superadas ou non presentadas na oportunidade anterior.

3. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO

3.1. O alumnado que se presentar á convocatoria adiantada de decembro terá que contactar previamente co profesorado da materia e, para superala, deberá realizar unha "Proba mixta" (6 puntos), unha "Presentación oral" (1 punto) e unhas actividades (3 puntos).

4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO (NP)

4.1. Será considerado Non Presentado aquel alumnado que non se presentar á "Proba mixta" e que non presentar ningunha das actividades contempladas na avaliación.

5. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA

5.1. O estudantado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia concedida deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante estudantado, polo deberá contactar co profesorado da materia para adaptar as actividades presenciais.

6. ALUMNADO DE SEGUNDA MATRÍCULA

6.1. O alumnado de segunda matrícula que non poida asistir ás aulas deberá contactar co profesorado da materia.



## Fontes de información

### Bibliografía básica

- Rodrigues Fagim, V. (2001). O galego (im)posíbel. Santiago de Compostela. Laiovento
- Álvarez de la Granja, M. / González Seoane, E. X. (eds.) (2003) (2003). A estandarización do léxico. Santiago de Compostela. Instituto da Lingua Galega e Consello da Cultura Galega
- Cassany, D. (2008). La cocina de la escritura. Barcelona. Anagrama
- Estrela, E. / J. D. Pinto-Correia (2001). Guia Essencial da Língua Portuguesa para a Comunicação Social. Lisboa. Editorial Notícias
- Estrela, E. / M. A. Soares / M. J. Leitão (2004). Saber Escrever Saber Falar. Lisboa. Dom Quixote
- Feixó Cid, Xosé (2004). Gramática da lingua galega. Vigo. Xerais
- Freixeiro Mato, X. R. (2006). Manual de gramática galega. Vigo. A Nosa Terra
- Freixeiro Mato, X. R. (2009). Lingua de calidade. Vigo. Xerais
- García Cancela, X. / C. L. Díaz Abreira (1994). Manual de linguaxe administrativa. Santiago de Compostela. Escola Galega de Administración Pública / Xunta de Galicia
- García Negro, M. P. (ed.) (2009). Sobre o racismo lingüístico. Santiago de Compostela. Laiovento
- Hermida Gulías, Carme (2004). Gramática práctica (Morfosintaxe) . Santiago de Compostela: Sotelo Blanco
- Hernández Guerrero, J. A. / M. C. García Tejera (2004). El arte de hablar. Manual de Retórica Práctica y de Oratoria Moderna. Barcelona. Ariel
- Koch, I. G. V. (2005). Desvendando os segredos do texto. São Paulo: Cortez, 4ª ed.
- López Viñas, X. / Lourenzo Modia, C. / Moreda Leirada, M. (2010). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Bahía
- Monteagudo, H. (ed.) (1995). Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto. Vigo: Galaxia
- Ríos Noia, M. / M. L. Pita Rubido / R. J. Nogueiro Gómez / B. Brozos Mera (2007). Manual de documentos administrativos. A Coruña. Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións, Universidade da Coruña
- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Criterios para o uso da lingua . A Coruña. SNL da Universidade, 2ª ed.
- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Sobre a calidade da nosa lingua. A Coruña. SNL da Universidade, 2ª ed.
- Sanmartín Rei, G. (2008). Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación. Vigo. Xerais
- Vilela, M. / I. Villaça Koch (2001). Gramática da Língua Portuguesa . Coimbra: Livraria Almedina
- Sánchez Rei, X. M. / Marques, A. (2016). As ciéncias da linguagem no espaço galego-português: diversidade e convergência. A Coruña, Área de Filoloxías Galega e Portuguesa
- González Rei, B. (2004). Ortografía da lingua galega. A Coruña: Galinova
- Sánchez Rei, X. M. (ed.) (2014). Modelos de lingua e compromiso. A Coruña: Baía Edicións
- RAG / ILG (2012). Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. A Coruña: RAG
- Comissom Lingüística da Associação Galega da Língua (2012). O modelo lexical galego. Santiago de Compostela: Através Editora
- Regueira, X. L. (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega
- Monteagudo Romero, H. (2017). Historia social da lingua galega. Vigo: Galaxia
- Freixeiro Mato, X. R. (2013). Estilística da lingua galega. Vigo: Xerais
- Callón, C. (2022). O libro negro da lingua galega. Vigo: Xerais

<br />



|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <p>- Calsamiglia Blancafort, H. / A. Tusón Valls (1999). Las cosas del decir: manual de análisis del discurso. Barcelona: Ariel</p> <p>- Fernández Rei, E. / X. L. Regueira (eds.) (2008). Perspectivas sobre a oralidade. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega</p> <p>- Flesch, R. / A. H. Lass (1996). The Classic Guide to Better Writing. New York: Harper Resource</p> <p>- Garrido, C. (2001). Aspectos Teóricos e Práticos da Tradução Científico-Técnica (Inglês&amp;gt;Galego). Ourense: Associação Galega da Língua</p> <p>- Kerbrat-Orecchioni, C. (2006). Análise da conversação. Princípios e métodos. São Paulo: Parábola</p> <p>- Marcuschi, L. A. (2000). Da fala para a escrita. São Paulo: Cortez</p> <p>- Marcuschi, L. A. (2001 [1986]). Análise da conversação. São Paulo: Ática</p> <p>- Plantin, Ch. (1998). La argumentación. Barcelona: Ariel</p> <p>- Reyes, G. (1998). Cómo escribir bien en español. Manual de redacción. Madrid: Arco Libros</p> <p>- Sánchez Rei, X. M. (2006). A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros. Santiago de Compostela: Liovento</p> <p>- Serrano Serrano, J. (2002). Guía práctica de redacción. Madrid: Anaya</p> <p>- Studer, Jürg (2000 [1996]). Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer. Madrid: El Drac</p> <p>- Vallejo-Nágera, J. A. (1990). Aprender a hablar en público hoy. Barcelona: Planeta</p> <p>- Weston, Anthony (2004). Las claves de la argumentación. Barcelona: Ariel, 9ª ed</p> <p>- Zinsser, W. (2005). On Writing Well. The Classic Guide to Writing Non-fiction. New York: Collins</p> <p>Entregarase unha bibliografía complementaria e específica por temas. Adam, J. M. (1992): Lestextes: Types et prototypes (Paris: Nathan). Bordons, G. / J. M. Castellà / E. Costa (1998): TTXLalingüística textual aplicada al comentari de textos (Barcelona: Universitat de Barcelona). Calsamiglia Blancafort, H. / A. Tusón Valls (1999): Las cosas del decir: manual de análisis del discurso (= Ariel Lingüística) (Barcelona: Ariel). Fernández Rei, E. / X. L. Regueira (eds.) (2008): Perspectivas sobre a oralidade (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega). Flesch, R. / A. H. Lass (1996): The Classic Guide to Better Writing (New York: Harper Resource). Freixeiro Mato, X. R. (2006) [2003]: Gramática da lingua galega IV. Gramática do texto (Vigo: A Nosa Terra). Fuentes Rodríguez, C. / E. R. Alcaide Lara (2002): Mecanismos lingüísticos de la persuasión: cómo convencer con palabras (= Bibliotheca Philologica) (Madrid: Arco Libros). Fuentes Rodríguez, C. / E. R. Alcaide Lara (2007): La argumentación lingüística y sus medios de expresión (Madrid: Arco Libros). Garrido, C. (2001): Aspectos Teóricos e Práticos da Tradução Científico-Técnica (Inglês&gt;Galego) (Ourense: Associação Galega da Língua). Kerbrat-Orecchioni, C. (2006): Análise da conversação. Princípios e métodos. Trad. C. Piovezani Filho (São Paulo: Parábola). Koch, I. G. V. (1992): A interação pela linguagem (São Paulo: Contexto). Koch, I. G. V. (1997): O texto e a construção dos sentidos (São Paulo: Contexto). Koch, I. G. V. (2004): Introdução à lingüística textual (São Paulo: Martins Fonte). Koch, I. G. V., A. C. Bentes e M. M. Cavalcante (2007): Intertextualidade: Diálogos Possíveis (São Paulo: Cortez). Marcuschi, L. A. (1983): Lingüístico do texto: o que é e como se faz (Recife: Universidade Federal de Pernambuco). Marcuschi, L. A. (2000): Da fala para a escrita (São Paulo: Cortez). Marcuschi, L. A. (2001) [1986]: Análise da conversação (São Paulo: Ática). Moreira, I. (2007): Correspondência Comercial (Lisboa: Edições Técnicas e Profissionais). Plantin, Ch. (1998): La argumentación (Barcelona: Ariel). Reyes, G. (1998): Cómo escribir bien en español. Manual de redacción (Madrid: Arco Libros). Sánchez Rei, X. M. (2006): A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros (Santiago de Compostela: Liovento). Santiago Guervós, J. de (2005): Princípios de comunicación persuasiva (Madrid: Arco Libros). Serrano Serrano, J. (2002): Guía práctica de redacción (Madrid: Anaya). Studer, Jürg (2000) [1996]: Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer (Madrid: El Drac). Vallejo-Nágera, J. A. (1990): Aprender a hablar en público hoy (Barcelona: Planeta). Weston, Anthony (2004). Las claves de la argumentación (Barcelona: Ariel, 9ª ed.). Zinsser, W. (2005): On Writing Well. The Classic Guide to Writing Non-fiction (New York: Collins).</p> |
|------------------------------------|---|

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua Galega 1/613G01002

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario



|              |
|--------------|
|              |
| Observacións |
|              |

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías